



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Ciencia e enxeñaría de materiais | Código | 730G05013 | |
| Titulación | Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 4.5 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Enxeñaría Naval e Industrial | | | |
| Coordinación | Mier Buenhombre, Jose Luis | Correo electrónico | jose.mier@udc.es | |
| Profesorado | Fernandez Feal, Maria Mercedes del Coro Lamas Vigo, Javier Mier Buenhombre, Jose Luis | Correo electrónico | coro.fféal@udc.es j.lamas@udc.es jose.mier@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Fundamentos da ciencia dos materiais. Estrutura cristalina, propiedades mecánicas, transformacións de fases e diagramas de equilibrio; materiais e os seus tratamentos: aliaxes férreas, aliaxes non férreas, cerámicos, polímeros e materiais compostos | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A8 | Coñecemento da ciencia e tecnoloxía de materiais e capacidade para a súa selección, así como para a avaliación do seu comportamento |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como leigo |
| B5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| C3 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras |
| C4 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas que deben afrontarse |
| C6 | Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |
| C7 | Capacidade de traballar nun ámbito multilingüe e multidisciplinar. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|---|----------------------|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Coñecer a estrutura interna dos materiais | A8 | B2 B3 B4 B5 |
| Relacionar a estrutura dos materiais coas súas propiedades | A8 | B2 B3 B4 B5 | C3 C4 C6 C7 |



| | | | |
|--------------------------------------|----|----------------------|----------------------|
| Capacidade de selección de materiais | A8 | B2 B3 B4 B5 | C3 C4 C6 C7 |
|--------------------------------------|----|----------------------|----------------------|

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Os bloques e temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na ficha da Memoria de Verificación | Estrutura cristalina (temas 1-2). Diagramas de fase. Tratamentos térmicos (temas 3-6). Aliaxes férreas (tema 7). Aliaxes non férreas (tema 8). Materiais non metálicos (temas 9-11). Criterios mecánicos, físicos e químicos de selección de materiais (tema 12). |
| Bloque I. Estrutura cristalina Tema 1. Celas cristalinas | Cela Unitaria Redes de Bravais Sistemas cristalinos Estrutura cúbica centrada no corpo. Estrutura cúbica centrada nas caras. Estrutura hexagonal compacta. Direccións e planos cristalográficos. Índices de Miller. Cálculos de densidade nas celas unitarias. Polimorfismo Materiais Amorfos |
| Bloque I. Estrutura cristalina Tema 2. Solucións sólidas metálicas. Imperfeccións cristalinas. | Solucións sólidas sustitucionais Solucións sólidas intersticiais. Defectos de punto. Defectos lineais. Dislocacións. |
| Bloque II. Diagrama de fases. Tratamentos térmicos Tema 3. Diagramas de fase | Diagramas de fases en substancias puras. Regra das fases de Gibbs. Curvas de arrefriamento. Sistema de aliaxes binarias isomórficas. Regra da panca. Solidificación fóra do equilibrio. Sistema de aliaxes binarias eutécticas e eutectoides. Sistema de aliaxes binarias peritéticas e peritectoides. Sistemas binarios monotéticos. Compostos intermetálicos. Diagramas de fases ternarios. |
| Bloque II. Diagrama de fases. Tratamentos térmicos Tema 4. Sistema ferro-carbono | Diagramas Fe-Fe ₃ C e Fe-C (grafito). Fases solidas no diagrama Fe-Fe ₃ C. Transformacións en estado sólido no diagrama Fe-Fe ₃ C. Arrefriamento lento de aceiros ao carbono simples. |



| | |
|--|---|
| Bloque II. Diagrama de fases. Tratamentos térmicos Tema 5. Tratamentos térmicos dos aceiros | Martensita. Descomposición térmica da austenita: Curvas T.T.T. Curvas de arrefriamento continuo. Tempero dos aceiros. Revido. Normalizado. Recocido Tratamentos isotérmicos: recocido isotérmico, austempering, martempering. Tratamentos termomecánicos. |
| Bloque II. Diagrama de fases. Tratamentos térmicos Tema 6. Tratamentos termoquímicos dos aceiros. | Cementación Nitruración. Outros tratamentos termoquímicos. |
| Bloque III. Aliaxes férreas Tema 7. Aliaxes férreas | Aceros al carbono. Aceros aleados. Aceros inoxidables. Fundiciones. |
| Bloque IV. Aliaxes non férreas Tema 8. Aliaxes non férreas | Aliaxes de aluminio. Envellecemento natural e artificial. Aliaxes de cobre. Aliaxes de titanio. Aliaxes de níquel. Superaliaxes |
| Bloque V. Materiais non metálicos Tema 9. Cerámicos | Vidros. O estado vítreo. Estrutura e propiedades do vidro. Refractarios: tipo de refractarios. Cementos e formigón: tipos e propiedades |
| Bloque V. Materiais non metálicos Tema 10. Polímeros | Polimerización. Grao de polimerización. Peso molecular dun polímero. Polímeros cristalinos e non cristalinos. Temperatura de transición vítrea. Clasificación dos polímeros. Propiedades dos polímeros. |
| Bloque V. Materiais non metálicos Tema 11. Materiais Compostos | Clasificación dos materiais compostos. Materiais compostos de matriz polimérica. Propiedades mecánicas dos materiais compostos de matriz polimérica. |
| Bloque VI. Criterios mecánicos, físicos e químicos de selección de materiais Tema 12. Criterios mecánicos, físicos e químicos de selección de materiais | Deformacións elásticas e plásticas. Acritude. Recuperación e recristalización. Ensaio de tracción. Dureza e Ensaio de dureza. Escalas de dureza. Tenacidade e resiliencia: temperatura de transición. Comportamento dúctil e fráxil. Propiedades térmicas, eléctricas y magnéticas dos materiais Degradación química dos materiais |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|----------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Prácticas de laboratorio | A8 B2 B3 B5 C7 | 3 | 3 | 6 |
| Proba mixta | A8 B2 B3 B4 B5 | 3 | 3 | 6 |
| Sesión maxistral | A8 B2 C4 C6 | 20 | 20 | 40 |
| Solución de problemas | A8 B3 | 18 | 18 | 36 |
| Traballos tutelados | A8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C6 | 1 | 20 | 21 |
| Atención personalizada | | 3.5 | 0 | 3.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Prácticas de laboratorio | Realizaranse dous sesións prácticas de laboratorio. A asistencia ás práctica de laboratorio é obrigatoria para aprobar a materia. |
| Proba mixta | Realizaranse dous exames parciais. Cada un deles constará de dous partes: teoría e problemas. |
| Sesión maxistral | Tratarase de expoñer nestas os aspectos máis importantes de cada un dos capítulos do programa. |
| Solución de problemas | Darase aos estudantes un boletín de problemas por anticipado. A resolución dos devanditos problemas farase nas clases de seminarios de problemas ao longo do curso. |
| Traballos tutelados | Realizarase dous traballos tutelados por grupo sobre materiais metálicos, cerámicos ou polímeros con especial énfase nas súas aplicacións navais. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|---|
| Prácticas de laboratorio Traballos tutelados Proba mixta Solución de problemas | A atención personalizada realizarase nas titorías ben por iniciativa do alumnado para aclarar ou resolver as súas dúbidas ou dificultades ou ben por iniciativa do profesor convocando persoalmente o alumnado cando a ocasión o requira. As titorías realizaranse preferentemente a través de Teams ou correo electrónico. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|----------------------------|--|---------------|
| Prácticas de laboratorio | A8 B2 B3 B5 C7 | A asistencia a prácticas de laboratorio é obrigatoria para o alumnado que non as fixeron outros cursos. A non realización dunha práctica de laboratorio por parte do alumnado novo conlevará o suspenso na materia. Así mesmo, presentarase un cuestionario relacionado coas prácticas. Este cuestionario subirase á plataforma Moodle. A nota dos cuestionarios supoñerá o 10% da nota final da materia. | 10 |
| Traballos tutelados | A8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C6 | Trátase de traballos en grupo, onde cada grupo realizará dous traballos sobre materiais metálicos, cerámicos ou polímeros con especial énfase nas súas aplicacións navais. Estes traballos constitúen o 20% da nota total. | 20 |
| Proba mixta | A8 B2 B3 B4 B5 | Faranse exames parciais que terán carácter liberatorio para as convocatorias do curso presente. Os exames constarán de dous partes, problemas e teoría, en forma de preguntas curtas, cuestións ou temas, breves exercicios numéricos e preguntas relacionadas coas clases prácticas de laboratorio. As partes de Problemas e de Teoría teñen unha ponderación do 40% e 60%, respectivamente, na nota final dos exames. Para ter opción ao aprobado na cualificación final débese obter: polo menos unha nota superior a 5.0 nos dous parciais de teoría e en ningún de devanditos parciais sacar menos de 3.0; polo menos unha nota superior a 5.0 nos dous parciais de problemas, e en ningún de devanditos parciais sacar menos de 3.0 | 70 |

Observacións avaliación



A avaliación do alumnado que se presenta á convocatoria de segunda oportunidade (xullo) realizaranse cos mesmos criterios que os expostos para os exames da 1ª convocatoria ordinaria (maio/xuño).

A avaliación da convocatoria adiantada de decembro realizarase cun exame dividido en dous partes: a) parte de teoría (60% da nota); b) parte de problemas (40% da nota). Aqueles estudantes que non realizasen as prácticas en cursos anteriores deberán realizar unha terceira parte (parte c) sobre o contido das prácticas. Neste caso, a ponderación das distintas partes sería: 90% (Nota parte a.0,6+ Nota parte b.0,4) e 10% Nota parte c. Para ter opción ao aprobado non se debe sacar menos de 3,0 en ningunha das partes.

O alumnado a tempo parcial ou con dispensa académica debe poñelo en coñecemento do coordinador da materia. A avaliación realizarase cos mesmos criterios que o alumnado a tempo completo. A dispensa académica non será aplicable ás prácticas de laboratorio, polo que o estudante nesta situación deberá asistir no horario establecido.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria. Como se indica no artigo 11 apartado 4b) do Regulamento Disciplinar do Estudantado da UDC o/a estudante obterá a "cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con suspenso (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa calificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario."

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - SHACKELFORD J.F (2010). Introducción a la ciencia de materiales para ingenieros.. Prentice-Hall - CALLISTER W.D. (2009). Introducción a la ciencia e ingeniería de materiales. Editorial Reverté - BARROSO S.; IBÁÑEZ J. (2008). Introducción al conocimiento de los materiales. UNED - VARELA A. (2001). Problemas de ciencia de los materiales. Servicio de reprografía de la UDC - SMITH W.F.; HASHEMI J. (2006). Fundamentos de la ciencia e ingeniería de materiales. McGraw-Hill - ASKELAND D.R. (2001). Ciencia e ingeniería de los materiales. Thomson Editores - AMIGÓ V. (1999). Fundamentos de la ciencia de materiales. Universidad Politécnica de Valencia - VARELA A. (1990). Problemas de metalotecnia. Sección de publicaciones de la E.T.S.I.I. - ROSIQUE J., COCA P. (1979). Ciencia de materiales. Problemas. Pirámide |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Schaeffer J.P. (1995). The science and design of engineering materials. Chicago: Irwin - García Ledesma R. (2000). Ciencia de materiales . Madrid : Servicio de Publicaciones de la EUITI de la Universidad Politécnica - Blázquez V.M (2012). Ingeniería y ciencia de materiales metálicos. Madrid : Sección de Publicaciones de la Escuela Técnica Superior de Ingenieros Industriales, Univers |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Química/730G05004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostida e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:Solicitaranse en formato virtual e/ou soporte informáticoRealizarase a través de Moodle ou correo electrónico, en formato dixital sen necesidade de imprimilosEn caso de ser necesario realízalos en papel:Non se empregarán plásticosRealizaranse impresións a dobre cara.Empregarase papel reciclado.Evitarase a impresión de borradores.Por outra banda:Débese de facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio naturalDébese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionaisIncorpórase perspectiva de xénero na docencia desta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos,propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)Traballase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación e propoñeranse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías